



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (37/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e vinte e un minutos do día dezasete de outubro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 17 de outubro de 2025
- 2.- Adxudicación de contratos menores
- 3.- Xustificación de subvencións nominativas
- 4.- Aprobación de conta xustificativa de subvención

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 17 de outubro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e das recibidas e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR 2025/C002/000027		
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local	
Tipo:	Subministración	
Obxecto:	ADQUISICIÓN MARQUESIÑAS segundo memoria	
Código CPV:	44212321 Marquesiñas para paradas de autobús	
Orzamento base licitación:	6.000,00 €	
Prazo entrega:	1 MES	
Aplicación orzamentaria:	453.62900	
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Art 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local	
OFERTAS (Solicitadas/Recibidas)		
XADINOR, S.L.	Importe: 3.600,00	Total: 4.356,00
GERCA ACERO Y METAL SL	Non presentan oferta no prazo concedido	
MARQUESINAS LOPEZ SL		

Logo de ver a oferta recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificandos



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao licitador indicado, a subministración que se especifica na memoria e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS

3.1.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
FÚTBOL CLUB MONFERO	MMG	Carpa actividade festiva fin tempada	1.200,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.2.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS	OBXECTO	SUBVENCIÓN
----------	----------	---------	------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	SOLICITANTE		CONCEDIDA
FÚTBOL CLUB MONFERO	MMG	Actividade club	4.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.3.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DA CELA	VJGR	Festas da Cella	3.100,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.- APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN

O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación xustificativa da subvención de referencia e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e, corrixida por orde del, transcríbese literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN NON COMPETITIVA FCA-2025

A Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes, por Resolución de data 13/05/2025, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 32.755,80 € para o proxecto de REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA: SUBSTITUCIÓN DE VENTÁS NO EDIFICIO DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONFERO, con financiamento a través da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental 2025.

Logo de ver a documentación contida nos expedientes 2025/A008/000006 e 2025/C002/000013 xustificativa da subvención concedida a esta entidade ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de reparto e a convocatoria de subvenciones del Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, que inclúe, entre outra, acta de recepción e factura.

Propóñoille a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar a seguinte conta xustificativa dos gastos da subvención concedida pola Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, para o proxecto de “REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA: SUBSTITUCIÓN DE VENTÁS NO EDIFICIO DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONFERO”, integrada por gastos de investimento, por un importe total de gastos xustificados de 29.000,00€, que comprende a factura cos datos que se reflicten a continuación, acompañada do informe de conformidade do técnico contratado para o efecto, e a acta de recepción:

Acredor	Concepto	Número de	Importe	Data de	Data de	Data de
---------	----------	-----------	---------	---------	---------	---------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

		factura		emisión	recoñecemento da obriga	pagamento
Antonio Doval López	Substitución xanelas edificio antiga Cámara Agraria	EMIT 47	29.000,00€	01/10/2025	17/10/2025	21/10/2025
Importe total de gastos			29.000,00€			

2.- Declarar:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida dita subvención
- Que segundo informe da intervención municipal, dentro do prazo de execución e xustificación establecido no artigo 30 da Orde, reflectiuse en contabilidade o gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.
- Que os gastos xustificadas non foron presentados como xustificantes de subvencións noutros programas ou proxectos nin en exercicios anteriores
- Que, segundo informe da Secretaría-Intervención, a tramitación e contratación das obras, realizouse de conformidade á normativa de contratación do sector público.
- Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención
- Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención, particularmente as referidas a estar ao corrente das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e de estar ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda probar a proposta, quedando adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e tinta e tres minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)